

OS MOSTEIROS DE GALICIA

Ramón Villares

Unha iniciativa de



co apoio de



Os mosteiros son os edificios ou lugares de morada de monxes ou monxas e, por extensión, tamén de frades e freiras. Ollados no seu conxunto, son a expresión material e mesmo arquitectónica dun tecido institucional e social que se coñece como vida monástica ou monacal. Reflicten, por tanto, unha forma específica de organización de comunidades eclesiásticas, aquelas que están suxeitas a unha norma ou regra, o que fai dos seus moradores un tipo de clero “regular” que os diferencia de bispos e cregos que, pola contra, están en contacto co século e, por ende, se definían como “seculares”. A obriga de morar en comunidade é unha das características esenciais do clero regular e foi o monacato unha das formas máis estables de organización interna que desenvolveu a Igrexa cristiá desde os tempos primitivos ata a época contemporánea.

O desenvolvemento histórico do monacato foi parello á difusión do cristianismo por todo Occidente, aínda que non fose ata o século VII cando se comezou a regular de forma sistemática a vida en comunidade grazas á obra de Benito de Nursia, autor da primeira grande regra monástica (*Regula Sancti Benedicti*). O período máis brillante do monacato tivo lugar nos séculos centrais da Idade media. Despois da Reforma Protestante do século XVI, a posición do monacato mantívose vizosa e mesmo reforzada só nos países católicos da Contrarreforma ata a chegada das revolucións liberais de finais do XVIII e primeiros do XIX, época na que se produce unha masiva exclaustración das comunidades monásticas, en virtude das leis de desamortización e nacionalización dos seus patrimonios. A partir desta época, por máis que houbese un retorno dalgunhas comunidades aos antigos mosteiros, o monacato deixou de ter o rango que tivera durante máis dun milenio.

O monacato foi un axente fundamental na creación da civilización europea de raíz cristiá. Na estrutura tripartita da sociedade feudal de guerreiros (*bellatores*), eclesiásticos (*oratores*) e campesiños (*lavoratores*), a Igrexa e, dentro dela, os monxes e frades de mosteiros, abadías e conventos, tiveron un papel esencial na organización social e na distribución do poder. Por máis que a condición de *oratores* aluda a unha función de mediación relixiosa, a dimensión do monacato foi moito máis ampla, ao se converteren os mosteiros en verdadeiros centros reitores do territorio onde estaban situados. Foi o monacato tamén un pilar esencial no ámbito cultural, sendo moitas abadías durante séculos os centros de transmisión da tradición clásica grecolatina e lugares de creación de novos saberes, nomeadamente en grandes abadías como Cluny ou St.Gall.

O Reino de Galicia foi, desde os tempos altomedievais, un territorio no que se asentaron numerosos mosteiros e conventos, adquirindo unha relevancia moi superior á doutras moitas rexións europeas. Sendo o monacato unha institución básica da Europa medieval, a súa especial implantación en Galicia debe explicarse tanto pola excepcional predilección que moitas familias nobres e, logo, os diversos monarcas tiveron polos mosteiros, como polo esplendor civilizacional que a vella *Gallaecia* logrou nos séculos XI a XIII. A *inventio* do sartego do apóstolo Santiago, a creación dun Camiño de peregrinación, a chegada de moitos frades de orixe franca (de Cluny e logo do Císter), o deslucamento da monarquía cara as rexións centrais da Meseta e a propia formación do Reino de Portugal, déronlle ao monacato galego unha gran oportunidade de seren os artífices da ordenación, colonización e goberno do territorio galego. Foron, por esta razón, os mosteiros unha das pedras angulares na formación da civilización galega dos tempos medievais e modernos.

As orixes do monacato en Galicia están en relación coa serodia cristianización do territorio (non antes de finais do século III d.C.), pero tamén coa forte influencia que as tradicións relixiosas indíxenas exercían sobre a súa poboación. Os primeiros mosteiros coñecidos son os de Dumio (cerca de Braga) e os dos britóns (no norte de Lugo), ambos fundados no século VI e ambos rexidos por un abade que tamén era bispo, pero cun grande peso das propias comunidades monásticas, que eran quen de pactaren as normas ou regras de convivencia. De feito, un dirixente monástico galaico, Froitoso, é o autor dun *Regula Monachorum* que define un monacato dun ascetismo de tradición oriental e natureza familiar. Sobre estas bases foron aparecendo posteriormente algúns mosteiros, como os de Sobrado, Samos, Lourenzá ou Celanova, que son a primeira gran expresión do monaquismo galego nos séculos IX e X. Grandes figuras nobiliarias da época, como Rosendo de Celanova, o conde Osorio Guterres ou o conde de Présaras, están detrás destas primeiras fundacións monásticas.

A tradición monástica de orixes visigóticas foi adiando a implantación en Galicia da regra de Bieito de Nursia, que abría o camiño para un monaquismo moito máis xerárquico e dotado patrimonialmente do que era a norma imperante ata daquela nas terras de Galicia. A difusión deste novo modelo monástico fíxose a través do camiño de Santiago, coa chegada de monxes da abadía borgoñona de Cluny. Eles foron os responsables dunha “bieitización” de varios cenobios galegos, como os de

Lourenz, San Martio Pinaro, Samos ou Celanova, que aceptaron a regra bieita cara a finais do sculo XI, xustamente cando comeza a grande expansin da cidade de Compostela e brilla con forza a figura de Diego Xelmrez, visitante da abada de Cluny no curso dunha das sas viaxes a Roma.

A influencia cluniacense en Galicia, con ser importante, non abondara para implantar definitivamente a regra dos bieitos, de non se sobrepor a ela unha segunda onda de organizacin monstica que foi a impulsada por Bernardo de Claraval. Os seus seguidores, coecidos como do Cster ou cistercienses, impuxeron un goberno dos mosteiros algo mis rxido que os de Cluny, as como algns elementos externos diferenciadores (cugula branca no canto da cugula negra dos cluniacenses). Tamn propiciaron a instalacin dos cenobios en lugares apartados e mesmo montuosos e fomentaron o traballo manual dos seus “frades lavradores”. O eixo central do Cster era a defensa da autonoma dos mosteiros fronte  influencia dos nobres locais, no que contaron co apoio directo dos monarcas “galegos” da poca, como Afonso VII e Fernando II.

Daquela, foi cos cistercienses como se consolidou de forma case definitiva o monaquismo galego, pois ata catorce dos mis relevantes cenobios de Galicia se adscribiron, desde 1142, s normas “bernardas” ou foron creados de novo *a fundamentis*: Sobrado, Penamaior, Meln, Meira, Acibeiro, Monfero, Montederramo, San Clodio, Oseira, Oia, A Franqueira, Armenteira, Xunqueira de Espadanedo e Carracedo (no Bierzo). Aln destes grandes centros de obediencia cisterciense, o mapa monstico galego estaba formado, nos sculos XII e XIII, polos importantes cenobios de obediencia bieita, como San Martio Pinaro, San Vicente do Pino (Monforte), Samos, Celanova, Lourenz, Ribas de Sil e os tres prximos  cidade de Pontevedra, Poio, Lrez e Tenorio.

Esta mapa monstico acabou de se configurar, a partires do sculo XIII, coa fundacin de conventos de localizacin e mesmo orientacin ben diferente. Trtase das ordes mendicantes (franciscanos e dominicos), cuxa presenza en Galicia est relacionada coa propia peregrinacin de Francisco de Ass a Compostela, que tera lugar no ano 1214. A partir desta data van sendo constrdos conventos franciscanos ou dominicos nas principais cidades e vilas galegas: Santiago, Ribadavia, Pontevedra, Ourense, Tui, A Corua, Lugo, Betanzos, Viveiro e Ribadeo. Fronte  localizacin rural predominante nos mosteiros bieitos e cistercienses, as como  sa traza construtiva de estilo romnico, os conventos mendicantes son xeralmente urbanos, de factura gtica nos seus edificios

e, desde logo, moito máis pobres patrimonialmente do que eran os pertencentes ás ordes bieita e bernarda. Aínda que houbo algúns outros conventos que tiñan organización e regra diferente (agostiños, mercedarios, ordes militares), a súa presenza en Galicia foi relativamente escasa. O monacato galego foi, con poucas excepcións, esencialmente rural, de regra bieita-bernarda e de implantación relativamente rápida nos séculos XII e XIII.

Na fundación dos mosteiros aparece, en primeiro termo, a erección dunha igrexa como centro de unión dos monxes con toda a comunidade circundante. Ao carón da igrexa, normalmente na súa fachada sur, foi nacendo un claustro que, alén de servir de lugar de residencia estable para a comunidade monástica (cociñas, dormitorio, refectorio, sala capitular), podía dispoñer doutras dependencias anexas, como adegas, tullas ou celeiros, ademais de alpendres e casas terreas para leigos e traballadores do mosteiro. Esta estrutura permite moitas variantes, tanto no tempo como de acordo coa dimensión patrimonial de cada mosteiro. Pero igrexa e claustro foron elementos estables ata a época da desamortización, cando moitos dos claustros e case todas as dependencias anexas se deterioraron ou mesmo foron derruídas.

De acordo coas regras monásticas, cada mosteiro era gobernado por un abade, elixido en capítulo polos monxes. Para o goberno das unidades máis arredadas (granxas ou priorados) escollía un prior. A poboación que habitaba cada mosteiro era numerosa pero moi diversa. Os frades propiamente ditos eran poucos, entre trinta e corenta, agás algún mosteiro especialmente rico como San Martiño Pinario de Santiago, que chegou a ter á beira de cen monxes. Alén dos frades, cada mosteiro dispuña de ducias de leigos e dunha grande variedade de artesáns (carpinteiros, ferreiros...). Logo estaba a poboación “flotante” que podían ser centos diarios, entre os que acudían aos oficios relixiosos ou, en calidade de obras de solemnidade, a comer a “sopa boba” nas portas do mosteiro. Os vestíbulos dos mosteiros, que son amplos e dotados de parladoiros corredíos, son a mellor testemuña desta constante trasfega humana.

Os mosteiros eran, por tanto, moito máis do que unha comunidade de relixiosos que se dedicasen ao rezo. A súa propia estrutura como complexo urbanístico converteuse nun referente para a comarca onde estaban instalados e a súa influencia sobre a poboación era, alén de relixiosa, tamén social e económica e mesmo política. A vida das aldeas

galegas foi, durante séculos, inseparable do poder dos abades e priores, que eran quen de regular non só a conciencia das persoas senón tamén a organización comunitaria dos seus habitantes, así como os réximes de explotación da terra ou a distribución das rendas. Grande parte de Galicia era de señorío abadengo, de modo que á súa preeminencia espiritual, os mosteiros unían un poder señorial sobre bens e persoas.

O patrimonio rústico e inmobiliario do monacato galego era moi importante, constituíndo a institución máis rica da Galicia medieval e moderna, moi por riba dos señores laicos, dos escudeiros e fidalgos e, mesmo, dos bispos e cregos de parroquia. Os mosteiros lograron doazóns de terras e outros bens por parte dos seus fundadores, despois foron favorecidos por concesións de terras por parte dos monarcas e, finalmente, acrecentaron as súas facendas mediante compras ou doazóns de particulares. Cada mosteiro tiña, polo regular, un couto de arredor da súa sé central e unha serie de granxas, lugares e casais espalladas por un amplo territorio. Aínda que no principio (ata o século XIII, máis ou menos), os mosteiros explotaban directamente as súas terras, coa axuda de servos e colonos, logo comezaron a ceder a dirección das labranzas a pequenos campesiños a cambio do pago dunha renda, en especie ou en diñeiro.

Foi así como naceu o foro, un contrato agrario de grande difusión en Galicia, que durou aínda máis que os propios mosteiros, pois chegou ata principios do século XX. O foro é case indisoluble da institución monástica que converte, deste modo, mosteiros e abadías en grandes perceptores de rendas, reguladas con precisión nos contratos de foro e nos libros ou tomos nos que se recolle o inventario da súa riqueza. Nas economías monásticas hai dous produtos que están sempre en adegas e tullas: o prezado viño, que cada mosteiro procura obter dos seus priorados asentados nas beiras do Miño e do Sil e seus afluentes, e os grans de cereais de inverno (trigo, centeo), que eran o ingreso fundamental de todos os rendeiros galegos. Alén destas, os mosteiros tiñan outras regalías, como eran os décimos (a percepción da décima parte da produción de parroquias onde tiñan dereito de presentación do seu párroco), dereitos de altar e algúns tributos de carácter señorial, como laudemios ou loitosas. Nada do que acontecía nas aldeas galegas con presenza de mosteiros e conventos ficaba á marxe do control e da vixilancia de abades e priores.

Sobre estas trazas comúns do monacato agóchase unha evolución que tivo importantes variacións, cando non mudanzas, en diversas xeiras históricas. A situación económica e política das organizacións monásticas experimentou un claro deterioro nos séculos XIV e XV, debido tanto á relaxación dos seus costumes como á presión exercida pola nobreza laica sobre os seus patrimonios. A chegada a Galicia dunha nova camada de cabaleiros, con experiencia na arte da guerra e con desexos de lograr amplos solares, supuxo a aparición dos chamados abades “encomendeiros”, que non eran senón delegados daquela nobreza postos á fronte dos mosteiros. A riqueza monástica acabou sendo desviada por estes encomendeiros cara castelos e torres gobernadas por “señores de a caballo”. Unha boa parte dos conflitos da segunda metade do século XV, incluídas as guerras irmandiñas, deriva desta tensión entre institucións monásticas e señores feudais laicos.

O resultado que desfixo esta tensión fíxose patente desde finais do século XV coas reformas impulsadas polos monarcas Isabel de Castela e Fernando de Aragón. Dominada a nobreza laica máis belicosa mosteiros e conventos son obrigados a efectuar unha profunda reforma consistente na supresión de moitos deles, que se converten en priorados dependentes, e na integración de case todos os cenobios galegos nas grandes congregacións da Coroa de Castela, normalmente con sede en Valladolid. A reforma máis profunda afectou aos mosteiros femininos da orde bieita, que na práctica se reduciron a dous, un de bernardas (Ferreira de Pantón) e outro de bieitas (San Paio de Antealtares).

Esta decisión institucional tivo efectos inmediatos na organización do monaquismo galego, dado que *desgaleguizou* a poboación monástica (nomeadamente, a masculina) e limitou a autonomía dos cenobios para elixiren os seus abades. Pero tivo outras consecuencias positivas. Entre elas, o reforzamento da posición dos mosteiros no control de rendas e sinecuras, que se viron desde modo liberados da presión de señores e cabaleiros. E provocou tamén unha clara xerarquización da rede monástica. Por exemplo, o mosteiro de San Martiño Pinario foi o centro máis favorecido por esta política, xa que pasou a ser o cabezaleiro de moitos priorados que antes foran mosteiros ou granxas independentes. Este foi o caso de Carboeiro, Cambre, Moraime e moitos máis, ata formar unha rede de 24 priorados, en moitos dos que exercía tamén o seu señorío xurisdiccional. Os dominios de Pinario, que ían desde as Mariñas betanceiras ata Fisterra ou o Ribeiro de Avia, eran os máis extensos entre os mosteiros galegos todos. Isto explica a magnificencia con que puido erguer, desde finais do século XVI, o edificio da súa Casa matriz, que ocupa

máis de vinte mil metros de solar e que conta con tres grandes claustros e unha igrexa que é, trala catedral, a máis importante de Compostela.

Desde finais do século XVI ata as vésperas da desamortización, a vida monástica galega recuperou un enorme esplendor. As bases da súa economía de rendas reforzáronse aínda máis coa estabilidade do foro e a expansión da poboación desde mediados do século XVII. E o papel de referente simbólico exercido polos mosteiros non deixou de mellorar grazas a unha masiva monumentalización das súas igrexas, claustros e dependencias. Case todos os mosteiros reforman e alargan as súas igrexas, que substitúen as súas trazas románicas por un estilo barroco que se fará patente en fachadas, grandes retablos de columnas salomónicas e mesmo en ricos coros de madeira que, como os de Celanova ou San Martiño Pinario, constitúen unha das cimas da imaxinería barroca. Signo desta nova situación son tamén as reformas das propias dependencias dos mosteiros, que engaden novos claustros aos xa existentes, agrandan os seus celeiros e abren ricas boticas ou algunhas escolas, como a de Ribas de Sil. Moitas fanegas de trigo e moitos moios de viño están petrificados neste patrimonio artístico de claustros, lenzos de pedra e retablos de madeira.

Estas reformas, alén de xerarquizar claramente toda a rede monástica galega, supuxeron unha recuperación dos seus patrimonios e, sobre todo, a mellor lexitimación do seu papel de reitores do mundo rural que viñan desenvolvendo desde os tempos medievais. Desde mediados do século XVIII, esta lexitimidade comezou a minguar. O debate sobre os “despoxos” dos foros, que perderon fronte á presión dos nobres laicos e dos fidalgos, coa axuda de El-rei Carlos III, foi o anuncio dunha decadencia que logo se manifestou en certas resistencias campesiñas ao pago de rendas e de décimos. Con todo, a situación dos mosteiros galegos non era nin moito menos declinante cando comezan as grandes reformas liberais, desde as Cortes de Cádiz ata os tempos de Mendizábal.

A fase final dos mosteiros galegos foi, como en todo o mundo católico, relativamente uniforme e rápida. A necesidade de reformar a igrexa, empezando pola regular, era un imperativo para o pensamento liberal. De aí deriva toda a lexislación de supresión de mosteiros, dos décimos despois e, finalmente, de todo tipo de propiedade que estivese “amortizada”, isto é, separada da liberdade de comercio. A parte máis rechamante destas medidas de reforma son as desamortizadoras, que

consisten na nacionalización da riqueza monástica e na súa posterior privatización mediante poxas públicas.

A erosión dos patrimonios eclesiásticos fíxose en diversas fases, desde os tempos do monarca Carlos IV. Pero a medida fundamental foi a tomada en 1835 e 1836 por parte do ministro Juan Álvarez Mendizábal, que leva o seu nome aparelada a esta decisión de suprimir os mosteiros e proceder á súa privatización. Cómo se fixo esta inmensa operación non é do caso contala aquí, pero non se pode deixar de aludir a dous aspectos concretos. O primeiro é que a riqueza monástica de natureza rústica (normalmente, rendas forais) foi transferida a particulares sen apenas mingua das contías que secularmente viñan cobrando os mosteiros. A continuidade formal de lugares, cabezaleiros de rendas e mesmo de tullas de recepción das rendas foi mantida polos novos posuidores, dando así unha imaxe de estabilidade nas relacións sociais do campo galego, que se mantivo ata principios do século XX.

A segunda cuestión refírese ao rumbo que colleron os bens inmobiliarios e mobiliarios de mosteiros e conventos. As igrexas, con frecuencia, foron mantidas como lugares de culto da parroquia. Pero claustros e dependencias foron abandonados, dada a dificultade que tiña a súa propia venda a particulares. E a riqueza mobiliaria dos mosteiros, desde as bibliotecas ata a propia mobilia, foi mal inventariada e pouco coidada no seu traspaso, cando tivo lugar, a institucións públicas como universidades ou deputacións. Isto provocou unha perda patrimonial inmensa, que só parcialmente comezou a ser recuperada desde finais do século XIX co retorno de comunidades relixiosas para algúns destes mosteiros (Oseira, Samos, Sobrado, Poio), a súa atribución a outros fins (Pinarío, Celanova, Montederramo, Lourenzá...) ou a máis recente tendencia a un destino de equipamento turístico (Ribas de Sil, San Vicente do Pino, Monfero, Acibeiro...).

O conxunto monástico galego, malia estas minguas e o desleixo de moitos anos, segue a gozar hoxe dunha enorme relevancia desde o punto de vista do patrimonio histórico e artístico de Galicia. Os mosteiros foron sedes de verdadeiros centros de poder e actuaron de referentes para enteiras bisbarras galegas. A súas moles graníticas, a robustez dos seus claustros e a elegancia de moitos dos seus refectorios e salas capitulares foron o asombro dos nosos devanceiros e seguen a ser, para nós, unha mostra da grandeza con que abades, frades e campesiños rendeiros souberon tecer unha civilización que tantas parentelas tiña con todo o occidente cristián.